

boletín do cesg

Colexio de
Educadores Sociais
de Galicia

Nº38 DECEMBRO 2006



ceesg

colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia



Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7-3º
15702 Santiago de Compostela
ceesg@colexioeducadores.com

Colexio de EDUCADORAS e Educadores Sociais.

Culmina hoxe uns dos desexos que tiñamos na Xunta de Goberno do CEESG, desexo avalado e compartido pola maioría dos nosos colexiados/as que aprobaron esta proposta.

Sempre foi intención dos impulsores da creación do noso Colexio facer especialmente visible á muller na nosa Institución. Na proposta que se mandou á Xunta de Galicia, alá polo ano 1999, figuraba xa como nome da nosa Organización o de Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia. As circunstancias fixeron que, pese ao apoio dalgúns grupos parlamentarios, non fora posible utilizar xa nese momento esa denominación.

Dende entón, no noso espírito estivo sempre lograr que o epígrafe EDUCADORAS estivese incluído expresamente no nome da nosa Institución.

Cremos que, especialmente nós, educadoras e educadores sociais, debemos ser os máis coidadosos e sensibles cos símbolos. Moitos traballamos en ámbitos onde vemos cada día os problemas que aínda teñen as mulleres na nosa sociedade, e cómo se fai invisible a figura feminina. Consideramos pois que a nosa Institución debe facer especialmente visibles ás mulleres dende a nosa primeira carta de presentación, é dicir, o noso nome.

Por iso propuxemos á Xunta de Galicia este cambio de denominación, nun momento no que tiña expectativas de acadarse. Así cumprimos o acordo que aprobou, dun xeito moi maioritario, a **Asemblea Xeral** do CEESG celebrada na cidade de A Coruña o 19 de maio de 2006: indicar "*educadoras sociais*" no nome da nosa Organización, situándoo en primeiro lugar.

Son moitos os motivos para facer este cambio, aínda que para nós os máis importantes son:

- Porque sodes maioría no noso Colexio (unha maioría próxima ao 80%) e sodes cada día máis importantes nas nosas institucións e órganos de dirección e participación.

- Porque queremos facer ver o papel que, tradicionalmente, veñen desenvolvendo as mulleres nestas profesións (educativas, sanitarias, sociais...) consideradas, ata hai ben pouco, ocupacións "de segunda" e que, hoxe en día, véñense de converter nas profesións básicas do estado de benestar. Son as profesións verdadeiramente importantes na vida dos cidadáns. Sen o traballo das mulleres nestes ámbitos, sen dúbida, isto non se tería logrado.

- Porque queremos ir co ritmo dos tempos, xa que a maioría dos colexios dos nosos compañeiros e compañeiras do Estado comparten con nós esa denominación, e o recentemente aprobado Consello Estatal (Órgano que nos acolle e representa a todos) leva, por iniciativa de todos os colexios, o nome de "*Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales*". Este acordo tivo o visto bo de todos os grupos parlamentarios do Estado Español que o aprobaron por unanimidade no Congreso e no Senado.

Para nós é pois unha gran alegría ter logrado este cambio, que se ben pode parecer simbólico, cremos que representa moito mellor a Institución, e por tanto a sociedade que queremos.

Felicitacións de toda a Xunta de Goberno a todas e a todos.

Alberto Fernández de Sanmamed Santos
Presidente do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

CAMBIO DE IMAXE

Co cambio de denominación do colexio, faise necesario cambiar as súas siglas e polo tanto tamén o imagotipo. A creación desta nova imaxe trata de cumprir varios **obxectivos**:

- Adaptar o logotipo orixinal á nova denominación da entidade.
- Crear unha imaxe adecuada ás esixencias de deseño actuais.
- Establecer uns parámetros básicos de reprodución da imaxe a crear e unificar todos os elementos gráficos que forman parte dela.
- Normativizar o uso da imaxe e de todas as aplicacións que se deseñen como parte da comunicación da entidade.

Pasos para a creación do imagotipo:

Crese oportuno que apareza a denominación completa xunto coas siglas para reiterar a importancia do cambio de nome.

A tipografía utilizada para facer as siglas é única, adaptándose a tipografía anterior.



Imaxe inicial do símbolo en liñas.



Imaxe do símbolo simplificado ao máximo. Xiro de 45° á esquerda.



Estilización das follas. Mantemento da posición da pranta. Símbolo resultante en positivo.

1 cesg

Logotipo trazado actual. Terminacións abruptas e imperfectas que simulan unha tipografía manual. Necesidade de adaptación da forma orixinal para facelo máis accesible.

2 cesg

Novo logotipo coa denominación inicial. Non se perde a idea de cercanía, pois a tipografía utilizada simula igualmente un trazo manual.

3 ceesg
colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

Novo logotipo coa denominación actual. As letras que o forman achéganse para darlle consistencia ao nome. O "g" alóngase para albergar a denominación completa.

IMAGOTIPO FINAL:



En canto ao **cromatismo** empregado, as cores serán o verde e o laranxa.

O verde é a cor da vida e da natureza. É emocional, apracible e expresa xuventude. É moi equilibrado e evoca tranquilidade e sosego. Pola ligazón xeográfica que ten a entidade faise imprescindible a presenza desta cor na imaxe creada.

O laranxa expresa seguridade e comodidade. É unha cor estimulante e chamativa, que invita á acción, ao movemento e á interactividade.

Non se perde a referencia á flor do toxo, que pretende representarse co símbolo. Con elo, as cores propias desta flor típica galega son un elemento máis de identificación, evocación e significado para o colexio.

AVISO IMPORTANTE

Por motivos de organización, o curso ***“O ditame pericial como medio de proba: a súa regulación legal”*** ten que ser impartido o día **16 de febreiro de 2007 (venres)** en lugar do sábado 17. Rogamos desculpas polas posibles molestias.

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

III XORNADAS SOBRE XERONTOLOXÍA E EDUCACIÓN SOCIAL

Organiza: Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

Lugar: Aula Sociocultural da Obra Social Caixa Galicia de Lugo.

Data: 19 de xaneiro de 2007.

Prezo:

- Colexiados/as, desempregados/as ou estudantes: 6 €
- Outros profesionais: 15 €.

Información: Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

ACTUACIÓNS REALIZADAS

NOVEMBRO

- ♦ Interposición de recurso de reposición, con data 7/11/06, contra as bases xerais que rexerán a convocatoria das prazas incluídas na OEP do concello de Foz e contra as bases específicas para a selección dunha praza de educador/a social publicadas no BOP de Lugo de 27/11/2006, co obxecto de que o requisito de acceso sexa exclusivamente a titulación en Educación Social ou habilitación profesional. Recurso estimado parcialmente: permítese a participación no proceso selectivo dos habilitados/as, pero non limita a posibilidade de participación aos educadores/as sociais, por considerar que o resto de titulacións esixidas son axeitadas para a praza.
- ♦ Interposición de recurso de reposición, con data 10/11/06, contra as bases para a selección de persoal laboral temporal para ocupar o posto de educador familiar do concello de Barreiros, publicadas no taboleiro de anuncios do concello, publicándose un extracto da convocatoria e das bases no BOP de Lugo de 7/11/2006, co obxecto de que os habilitados/as como educadores/as sociais poidan acceder á praza.
- ♦ Acordo da Xunta de Goberno do CEESG do 21/11/06 de interpoñer recurso contencioso administrativo contra a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto polo CEESG contra o Acordo de corrección de erros nas Bases para a cobertura con carácter interino de prazas reservadas para a contratación temporal de persoal laboral do concello de Ponteareas, publicado no BOP de Pontevedra de 4 de maio de 2006.
- ♦ Acordo da Xunta de Goberno do CEESG do 21/11/06 de interpoñer recurso contencioso administrativo contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do concello de Santa Comba, polo que se resolve desestimar o recurso de reposición interposto polo CEESG contra a convocatoria e bases do proceso selectivo para cubrir unha praza de técnico sociocultural, mediante oposición libre, publicadas no BOP de A Coruña de 4 de agosto de 2006.

DECEMBRO

- ♦ Xuntanza, o día 5 de decembro, con Dona María del Mar Rodríguez Fernández, recentemente nomeada Directora Xeral da Función Pública, para solicitar información acerca do estado da sinatura do novo convenio colectivo para persoal laboral da Xunta de Galicia e do estado da nosa solicitude ao respecto. O CEESG solicita a substitución da categoría “Educador/a / profesor/a especial” por unha categoría única de “Educador/a Social” á que se teña acceso co requisito de titulación de diplomatura en Educación Social ou de habilitación profesional. Apórtase copia do dossier xustificativo da nosa petición enviado aos seus predecesores no cargo. Asisten M^ª José Fernández e Montse Sánchez, vicepresidenta e empregada do CEESG respectivamente.
- ♦ Envío á Secretaría Xeral do Benestar de aportacións ao Mapa Galego de Servizos Sociais.
- ♦ Envío á Consellería de Sanidade de aportacións á “Orde pola que se regula a acreditación de programas de prevención do consumo de drogas e se constitúe o Comité Técnico de Prevención de Drogodependencias”.
- ♦ Reiteración de solicitude de apoio á nosa petición en relación á modificación do IV Convenio Único de Persoal Laboral da Xunta de Galicia aos representantes sindicais de CIG, CC.OO., UXT e CSI-CSIF presentes na mesa de negociación do convenio. Enviáse dossier xustificativo da nosa solicitude.

- ♦ Asistencia á Xornada **“E-Inmigración e comunicación”**, que tivo lugar en Santiago de Compostela os días 12, 13 e 14 de decembro, organizada pola Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia e polo Club Internacional de Prensa. Asiste Jorge Piñeiro, secretario do CEESG. Luis A. Velasco, vogal do CEESG, participa como relator na mesa redonda que leva por título “A diversidade cultural: vivir convivindo”.
- ♦ Solicitude de xuntanza con Dona Carme Adán Villamarín, Secretaria Xeral da Igualdade, co obxecto de informarnos e facer aportacións en relación á súa intención de redefinir e reforzar os Programas de Educación Familiar.
- ♦ Aprobación no Senado, o día 14 de decembro, da **Ley de creación do Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales**, que entrará en vigor 20 días despois da súa publicación no Boletín Oficial do Estado. Á aprobación acude Alberto Fernández-Sanmamed, presidente do CEESG e coordinador da comisión de Consejo General de ASEDES (Asociación Estatal de Educación Social).
- ♦ Solicitude de xuntanza con D. Anxo Quintana González, Vicepresidente da Igualdade e do Benestar, co obxecto de expoñerlle diversos temas da súa competencia.
- ♦ Asistencia ás **“III Xornadas Coaching”** sobre violencia e menores, que tiveron lugar en Lugo os días 19, 20 e 21 de decembro. Asiste á inauguración Alberto Fernández-Sanmamed, presidente do CEESG.
- ♦ Estimación do recurso contencioso administrativo interposto contra a resolución do Alcalde do concello do Carballiño de data 2 de marzo de 2006, pola que se acorda desestimar o recurso de reposición formulado contra as bases para a contratación dun/a diplomado/a en educación social para o Programa de Educación Familiar, publicadas no xornal *La Región* de 28 de xaneiro de 2006. Declaración do dereito dos habilitados/as a participar no procedemento selectivo.
- ♦ Interposición de recurso de reposición con data 4/12/06 contra as Bases para a convocatoria para a contratación laboral temporal dun/ha técnico/a de animación e información xuvenil, no concello de Coirós, anunciada no BOP de A Coruña de 25/11/06. Desestimación do recurso.
- ♦ Envío de escrito ao concello de Pontedeume en relación coas bases para a contratación laboral temporal dun/ha animador/a cultural para o concello de Pontedeume, publicadas no BOP de A Coruña de 23/10/06, co obxecto de que en vindeiras convocatorias admitan a habilitación profesional para participar no procedemento selectivo.
- ♦ Sentencia do Xulgado contencioso administrativo número un de Santiago de Compostela, pola que se estima parcialmente o recurso contencioso administrativo contra a desestimación presunta por silencio administrativo do recurso de reposición formulado contra as bases para a selección de persoal laboral para a contratación dun animador sociocultural para o departamento de servizos sociais do concello de Mos. Declárase o dereito dos habilitados/as a participar no proceso selectivo pero non limita a posibilidade de participación aos educadores/as sociais.
- ♦ Sentencia do Xulgado contencioso administrativo número un de Santiago de Compostela, pola que se estima parcialmente o recurso contencioso administrativo contra o decreto 4/2006 do libro de resolucións do servizo de persoal do concello de Lugo polo que se desestima o recurso de reposición formulado contra as bases para a contratación temporal dun animador sociocultural. Declárase o dereito dos habilitados/as a participar no proceso selectivo pero non limita a posibilidade de participación aos educadores/as sociais.